

BORJA MELCHOR

Optimismo, imaxinación e realidade conflúen na nova obra de Alberto González-Garcés (A Coruña, 1950), exdirector do Oceanográfico de Vigo. *Somos o que imaxinamos* (Medulia Editorial), a segunda tras o poemario *Alta mar, mar aberta*, contén máis de 40 relatos pensados para facer felices aos lectores, tanto como o foi el creándolos.

— **Por que este título, *Somos o que imaxinamos*?**

— Porque é un libro baseado fundamentalmente na imaxinación. Ao longo dos relatos, falo de como todo o que temos vén do pasado, dunha historia. Logo, desenrólanse no presente, pero sempre estamos imaxinando que vai pasar no futuro. Mesmo cando recordamos o pasado, non o lembramos como foi, senón como imaxinamos que foi. O presente é tan breve que semella unha ponte entre pasado e futuro, e o futuro preparámonolo como o imaxinamos. Educamos os nenos para ese futuro, organizamos actos para crear algo que aínda non existe. Nélda Piñón dicía que, sen historia, non hai cultura, pero, sen imaxinación, non hai grandeza. Esa grandeza tiña ela, e é a que eu aspiro transmitir cunha escrita agradable para quen le.


— **Con que motivo se aventurou a facer esta obra?**

— Cando chegou a pandemia [do Covid], coincidindo coa miña xubilación, atopeime cun tempo novo, libre. E, dese tempo, naceu a escrita. Empecéi a escribir poesía,

Presenta «Somos o que imaxinamos», un libro de relatos que combina realidade e ficción cunha mirada optimista. Explora temas diversos, dende a ciencia ata os seus paseos polo mundo, sempre coa imaxinación como fío condutor.

ALBERTO GONZÁLEZ-GARCÉS | Investigador mariño e escritor

«Escribir faime feliz e quero que se sinta así quen me le»



Alberto González-Garcés, coa súa nova obra nos arredores do Museo do Mar. | Alba Villar

que é algo moi íntimo e que me require moito esforzo. Logo, pensei que tamén podía escribir narracións. Resultoume máis doado, non tanto a nivel de texto, senón de ideas e de conexión co lector. E fíxeno sempre cun ton optimista,

xa que escribir faime feliz, e aspiro a que se sinta así quen me le.

— **Que tipo de historias podemos atopar na obra?**

— Hai cinco apartados. Un de ficción total, outro de ficción con re-

flexión, outro con inspiración en lecturas, outro sobre peixes, por que veño da investigación mariña, e outro sobre paseos polo mundo. En todos hai unha compoñente de imaxinación moi forte e en todos estou eu. Algunhas cousas pa-

sáronme, outras non: hai algo real e algo imaxinado en todas.

— **Canto hai de realidade e canto de ficción?**

— Para min, é moi difícil diferenciarlas. Mesmo cando empezo a ler algo que escribín, ás veces, preguntome: isto foi verdade ou invento? Todo ten unha parte de realidade e outra de ficción.

— **Publicará máis obras?**

— Seguramente, si. Non teño obriga de escribir, pero fágoo todos os días, normalmente, pola mañá varias horas. Algunhas veces, sae algo, outras, non, e outras, sofro escribindo. No conxunto, é unha alegría. Se teño nalgún momento un conxunto de textos que merecen a pena, publicareinos.

— **O seu pai foi un poeta moi recoñecido. A paixón pola escrita vén de sangue.**

— Xa me gustaría escribir como el. Pero si, algo hai no ADN. Varios académicos da Real Academia Galega van propoñer o meu pai, Miguel González Garcés, como candidato para o Día das Letras de 2026. Imos estar moi felices se iso sae adiante. Foi arquiveiro, bibliotecario, arqueólogo, poeta... Escribiu en galego oito libros, fixo escolas de poesía, traducións, antoloxías... Foi traducido a outros idiomas. Incluso ten rúas e bibliotecas co seu nome. Gustaríame moito que se recoñecera a súa figura. A súa poesía é para ler con calma, para reflexionar, pero sempre con optimismo e amor. O meu amor pola escrita vén de aí.

El TSXG condena a Ilunion a readmitir a una trabajadora discriminada por discapacidad

Revoca la sentencia de un juez vigués y fija una indemnización de 7.501 euros por daños morales

R.V.

El Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) ha declarado nula la extinción contractual que decretó Ilunion CEE Outsourcing S.A. respecto a una trabajadora al estimar que incurrió en discriminación por discapacidad, con las consecuencias de readmisión y abono de los salarios dejados de percibir. Además, condena a dicha compañía a pagar una indemnización por daños morales de 7.501 euros. La sentencia, que revoca la que dictó el Juzgado de lo Social 1 de Vigo, absuelve a la otra demandada, Adif, que había subcontratado a la anterior y en cuyas instalaciones trabajaba la demandante.

La recurrente defendió que existió discriminación por discapacidad al no habersele renovado el contrato temporal de trabajo hasta el máximo legalmente previsto por ser considerada no apta. Los magistrados explican en la resolución que prestaba servicios para una empresa «calificada como centro especial de empleo y cuya mayor parte de la plantilla son personas discapacitadas, haciéndolo mediante contrato temporal de fomento de empleo para personas con discapacidad». Y enumeran en la sentencia los «indicios o principios de prueba» por los que consideran que en este caso hubo una situación de discriminación.

Las obras de renovación de los colectores en Balaídos empiezan el próximo lunes

Caballero vincula la actuación con la reforma de Tribuna para que Vigo sea sede del Mundial

B.M.

La solución a las inundaciones en el entorno de Balaídos estará más cerca desde el próximo lunes. El alcalde, Abel Caballero, avanzó que, en el inicio de la próxima semana, comenzarán las obras para renovar los dos colectores situados frente a Tribuna, entre la avenida de Balaídos y Pablo Iglesias.

«Tienen serios problemas, con pendientes negativas, y la sedimentación dificulta todo el desagüe. Los vamos a separar 20 metros del estadio para la ampliación de Tribuna», explicó el regidor, que vinculó esta obra con la preparación de Balaídos para una posible elección

como sede del Mundial 2030: «Cuando se tome esa decisión, no queremos tener nada que dificulte los tiempos. Nosotros teníamos que haber sido [elegidos] sede del Mundial el verano pasado y, ahora, todo aquello que Louzán hizo nos tiene aún sin haber iniciado la ampliación del estadio a los 43.500 espectadores», expuso el regidor.

Visita guiada en Castrelos

El Ayuntamiento organiza visitas guiadas gratuitas a los jardines históricos del Pazo Quiñones de León (Castrelos) el sábado 26 de abril. Las plazas son limitadas y las personas interesadas deben inscribirse llamando al 010 (sin coste).

El BNG insiste en remunicipalizar el transporte de viajeros urbano

R.V.

El BNG ha vuelto a pedir que se remunicipalice el servicio de autobús urbano en la ciudad, aprovechando el fin de la concesión y la prórroga técnica que se dará a la actual concesionaria, Vitrasa, mientras se licita un nuevo contrato (que entrará en vigor en enero de 2026).

Lo reiteró ayer el portavoz municipal nacionalista, Xabier Pérez Igrexas, tras mantener una reunión con el comité de empresa de Vitrasa. Reclamó que se aproveche esta «oportunidad» para convertir este servicio «con enormes deficiencias» en un servicio de gestión pública, algo viable a la vista de la «fortaleza económica» del Ayuntamiento, «de la que tanto presume el alcalde».